

## **ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 8 DE MAIO DE 2025**

### **PRESIDENTA:**

D<sup>a</sup> Diana Piñeiro Fernández

### **ASISTENTES:**

D. Rubén Vázquez Pérez  
D<sup>a</sup> Patricia Esther Espiñeira Galán  
D. Omar Gonzalo Lamela Vázquez

### **INTERVENTORA MUNICIPAL:**

D.<sup>a</sup> Lucía Mata Rodríguez

### **SECRETARIA XERAL:**

D.<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre (A Coruña), sendo as trece horas e cinco minutos do día oito de maio do ano dous mil vinte e cinco, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria baixo a Presidencia da Sra. alcaldesa, D<sup>a</sup>. Diana Piñeiro Fernández, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as D. Rubén Vázquez Pérez, D<sup>a</sup> Patricia Esther Espiñeira Galán e D. Omar Gonzalo Lamela Vázquez.

Asiste á sesión a interventora municipal, D.<sup>a</sup> Lucía Mata Rodríguez, e actúa como secretaria a secretaria xeral do Concello, D.<sup>a</sup> Pilar María Pastor Novo, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 133.1.b) do Regulamento orgánico municipal para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **ÚNICO: PROPOSTA RELATIVA A NON ADXUDICACIÓN DO CONTRATO MIXTO DE “SERVIZOS E SUBMINISTRACIÓNS PARA A ORGANIZACIÓN DA ROMARÍA GALAICOI ROMANA “GALAICOI”. EXPEDIENTE NÚMERO 2025/C004/000003.**

A Presidencia somete a debate e consideración da Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 7 de maio de 2025 (CVD: 8gVAt5+qpWJErH7c5N5F), que transcrita di:

### **“PROPOSTA**

A Xunta de Goberno Local en sesión de data 15 de abril de 2025 acordou aprobar o expediente de contratación que consta na plataforma TEDeC ao núm. 2025/C004/000003 relativo ao contrato mixto de «Servizos e subministracións para a organización da romaría galaico-romana “Galaicoi”», por tramitación ordinaria e mediante procedemento aberto, con pluralidade de criterios de adxudicación (con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática para os lotes 1, 6 e 7; e con aplicación de criterios de apreciación automática para os lotes 2, 3, 4 e 5).

O anuncio de licitación publicouse no perfil do contratante do Concello de Cambre aloxado na plataforma de contratación do sector público en data 25 de abril de 2025, atopándose actualmente na fase de presentación de proposicións.

O artigo 152 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do sector público regula a posibilidade de que o órgano de contratación decida non adxudicar ou celebrar un contrato para o que se efectuase a correspondente convocatoria por razóns de interese público debidamente xustificadas no expediente.

É urxente e non admite demora que este Concello tramite os procedementos para licitar os servizos e subministracións que actualmente se prestan en precario, con contratos verbais, algún dos cales xa declarados nulos de pleno dereito, e verbo dos que se acordou a continuidade da prestación ou se acudiu á contratación de emerxencia, que se veñen estendendo no tempo máis do previsto legalmente, xa que dita continuidade e a tramitación de emerxencia só resultan admisibles polo tempo estritamente necesario para adoptar medidas urxentes.

O Concello non dispón de medios persoais suficientes para proceder á licitación de todas as prestacións que require, polo que é preciso priorizar os procedementos que se tramitan, dando preferencia aos que se refiren a servizos/subministracións e obras que se consideran fundamentais.

No contexto de grave falta de persoal, o interese público reclama que todos os recursos humanos de que se dispón se destinen á licitación das prestacións fundamentais, que teñen prioridade fronte a outras prestacións que son prescindibles, como é o caso da romaría Galaico romana.

Visto o informe emitido pola secretaría xeral en data 7 de maio de 2025 (CVD: Bm7KuanhMac+G6xAAVLp) que transcrito di:

#### **“INFORME DE SECRETARÍA**

*A funcionaria que subscribe, cumprimentando o solicitado na Providencia do Concelleiro delegado da área de economía, facenda, contratación, réxime interior e desenvolvemento económico de data 7 de maio de 2025 (CVD: aGX4JgsBFk/UuqRTT4pn) emite o seguinte INFORME:*

#### **CUESTIÓN PREVIA-CONDICIONAMENTOS**

*Con carácter previo ao que logo se dirá, déixase constancia do escaso tempo hábil de que dispuxo a que subscribe para examinar o asunto, motivado pola escaseza de persoal no servizo, a ausencia da técnica que tramita os expedientes de contratación, vacancia doutro posto de técnico de xestión de Administración xeral, a necesidade de atender ao despacho doutros asuntos, e a sobrecarga de traballo excesiva que soporta esta Secretaría, o que impide facer unhas consideracións máis axeitadas, polo que o presente informe emítese coas cautelas que se derivan deste feito e referirase exclusivamente a aspectos básicos do expediente polo que, de ser preciso, poderá ser ampliado.*

#### **ANTECEDENTES**

*Como antecedentes fácticos máis relevantes a efectos do que logo se dirá sinálanse os seguintes:*

*I.- A Xunta de Goberno Local adoptado en sesión de data 15 de abril de 2025 adoptou o acordo de aprobar o expediente de contratación que consta na plataforma TEDeC ao núm. 2025/C004/000003 relativo ao contrato mixto de «Servizos e subministracións para a organización da romaría galaico-romana “Galaicoi”», por tramitación ordinaria e mediante procedemento aberto, con pluralidade de criterios de adxudicación (con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática para os lotes 1, 6 e 7; e con aplicación de criterios de apreciación automática para os lotes 2, 3, 4 e 5).*

*II.- O anuncio de licitación publicouse no perfil do contratante do Concello de Cambre aloxado na plataforma de contratación do sector público en data 25 de abril de 2025.*

*III.- Por providencia do Concelleiro delegado da área de economía, facenda, contratación, réxime interior e desenvolvemento económico de data 7 de maio de 2025 solicítase informe de secretaría verbo da posibilidade de non adxudicar o contrato anteriormente citado.*

*Na parte expositiva da dita providencia expóñse que:*

*“(..../....)É urxente e non admite demora tramitar os procedementos para licitar os servizos e subministracións que actualmente se prestan en precario, con contratos verbais, algún dos cales xa declarados nulos de pleno dereito, e verbo dos que se acordou a continuidade da prestación ou se acudiu á contratación de emerxencia, que se veñen extendendo no tempo máis do previsto legalmente, xa que dita continuidade e a tramitación de emerxencia só resultan admisibles polo tempo estritamente necesario para adoptar medidas urxentes.*

*O Concello de Cambre non dispón de medios persoais suficientes para proceder á licitación de todas as prestacións que require, polo que é preciso priorizar os procedementos que se tramitan, dando preferencia aos que se refiren a servizos/subministracións e obras que se consideran fundamentais.*

*Polo exposto, no contexto de grave falta de persoal, o interés público reclama que todos os recursos humanos de que se dispón se destinen á licitación das prestacións básicas, que teñen prioridade fronte a outras prestacións que son prescindibles, como é o caso da romería Galaico romana.*

*Visto o disposto no artigo 152 da Lei 9/2017, de contratos do sector público, que establece a posibilidade de que o órgano de contratación decida non adxudicar o contrato por razón de interés público.(..../....)”*

## **CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**

**Primeira.-** O artigo 152 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do sector público dispón :

**1.** En el caso en que el órgano de contratación desista del procedimiento de adjudicación o decida no adjudicar o celebrar un contrato para el que se haya efectuado la correspondiente convocatoria, lo notificará a los candidatos o licitadores, informando también a la Comisión Europea de esta decisión cuando el contrato haya sido anunciado en el «Diario Oficial de la Unión Europea».

**2.** La decisión de no adjudicar o celebrar el contrato o el desistimiento del procedimiento podrán acordarse por el órgano de contratación antes de la formalización. En estos casos se compensará a los candidatos aptos para participar en la licitación o licitadores por los gastos en que hubiesen incurrido en la forma prevista en el anuncio o en el pliego o, en su defecto, de acuerdo con los criterios de valoración empleados para el cálculo de la responsabilidad patrimonial de la Administración, a través de los trámites del procedimiento administrativo común.

**3.** Solo podrá adoptarse la decisión de no adjudicar o celebrar el contrato por razones de interés público debidamente justificadas en el expediente. En este caso, no podrá promoverse una nueva licitación de su objeto en tanto subsistan las razones alegadas para fundamentar la decisión.

**4.** El desistimiento del procedimiento deberá estar fundado en una infracción no subsanable de las normas de preparación del contrato o de las reguladoras del procedimiento de adjudicación, debiendo justificarse en el expediente la concurrencia de la causa. El desistimiento no impedirá la iniciación inmediata de un procedimiento de licitación.

**5.** En el supuesto de acuerdos marco, el desistimiento y la decisión de no adjudicarlos o celebrarlos corresponde al órgano de contratación que inició el procedimiento para su celebración. En el caso de contratos basados en un acuerdo marco y en el de contratos específicos en el marco de un sistema dinámico de adquisición, el desistimiento y la decisión de no adjudicarlos o celebrarlo se realizará por el órgano de contratación de oficio, o a propuesta del organismo destinatario de la prestación.”

*Neste precepto recoñécese unha potestade exorbitante da Administración, de renunciar á celebración do contrato ou de desistir do procedemento, cuxo exercicio non é incondicionado, senón que está sometida en ambos os dous*

casos a límites precisos recollidos no propio artigo. No caso de non adxudicar o contrato requírense dous requisitos: a concorrencia de razóns de interés público e que estas queden debidamente xustificadas no expediente..

As razóns de interés público, responden á salvagarda dos intereses xerais defendidos pola Administración. A súa invocación non se fai depender dun límite temporal, é dicir, a salvagarda dos intereses xerais pode vincularse con circunstancias previas ao contrato ou con circunstancias sobrevindas, xa que a Lei non limita temporalmente a defensa dos intereses xerais.

Así, a sentenza do Tribunal Supremo 714/2022, de 9 de xuño de 2022, Rec.5347/2020 declara que :

“.....El artículo 155.3 de la Ley de Contratos del Sector Público, aprobado su Texto Refundido por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de noviembre, debe interpretarse en el sentido de que la renuncia a la celebración del contrato acordada por el órgano de contratación, con anterioridad a la adjudicación del contrato administrativo debe ampararse en razones de interés público debidamente justificadas en el expediente, sin que deba concurrir inexorablemente el presupuesto de que las razones invocadas deban tener un carácter sobrevenido o exógeno al propio procedimiento de licitación, en la medida que lo que resulta determinante es que dichas razones de interés público persistan antes de la culminación del procedimiento de adjudicación del contrato público.....”

No suposto examinado na Providencia do Concelleiro delegado indentifícanse as razóns que alega para a renuncia do contrato, polo que a xuízo da que subscribe se entende cumprido o requisito que o precepto legal citado esixe.

De acordo co apartado 3 do precepto legal transcrito, de acordarse non adxudicar o contrato non poderá promoverse unha nova licitación do seu obxecto en tanto subsistan as razóns alegadas para fundamentar a decisión.

É o que expoño neste informe coas limitacións e condicionamentos que se derivan do sinalado na cuestión previa, e que someto a calquera outro mellor fundamentado en dereito,”

## **PROPONSE Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:**

**Primeiro.-** Non adxudicar o contrato mixto de «Servizos e subministracións para a organización da romaría galaico-romana “Galaicoi”» (expediente de contratación que consta na plataforma TEdC ao núm. 2025/C004/000003).

**Segundo.-** Publicar o presente acordo no perfil do contratante do Concello de Cambre aloxado na plataforma de contratación do sector público.

Este acordo está suxeito a recurso especial en materia de contratación, que poderá interpoñerse, no prazo de quince días hábiles, a partir do día seguinte a aquel en que se notificou esta de conformidade co disposto na disposición adicional décimo quinta aos candidatos ou licitadores que fosen admitidos no procedemento [artigo 50.1.e) da LCSP], por calquera persoa física ou xurídica cuxos dereitos ou intereses lexítimos, individuais ou colectivos se viron prexudicados ou poidan resultar afectados, de maneira directa ou indirecta, polas decisións obxecto de recurso, sendo competente para resolvelo o Tribunal Administrativo de Contratación Pública da Comunidade Autónoma de Galicia”.

Non producíndose intervencións a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta do concelleiro delegado da Área de Economía, Facenda, Contratación, Réxime Interior e Desenvolvemento Económico de data 7 de maio de 2025 (CVD: 8gVAt5+qpWJErH7c5N5F) resultando aprobada por unanimidade, polo que devén en acordo nos termos anteriormente transcritos».



E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e dez minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta, do que eu, secretaria xeral, dou fe.

Visto e prace

A presidenta

Diana Piñeiro Fernández

A secretaria xeral

Pilar María Pastor Novo